

A palabra de hoxe é

Rifle

RIFLE

O rifle é unha arma longa, con estrías na parte interior do canón. Por outra banda, é unha das 3 disciplinas de tiro olímpico xunto coa pistola e a escopeta.



A palabra de hoxe é

Pistola

PISTOLA

A pistola é unha arma de fogo de canón curto provista dunha cámara na culata na que vai un cargador coas balas que permite apuntar e disparar cunha man soa. Utilízase no tiro olímpico.



A palabra de hoxe é

Breakdance

BREAKDANCE

O breakdance é un baile urbano nacido nos barrios neoyorquinos nos anos setenta unido ao estilo musical do rap e que se caracteriza polos seus movementos rápidos, ximnásticos, imitacións robóticas e posturas conxeladas. Figura como deporte invitado nos Xogos Olímpicos de París 2024.



A palabra de hoxe é

***Barras
olímpicas***

***BARRAS
OLÍMPICAS***

As barras olímpicas son pezas longas e delgadas de metal en forma de cilindro. Úsanse en halterofilia. Á barra pódenselle colocar discos con distintos pesos que varían de 1, 2, 5, 10, 25, 35 e 45 Kg.



A palabra de hoxe é

Balonnmán

BALONMÁN

O balonmán é un deporte olímpico en que participan dous equipos de sete xogadores, que deben, coa axuda das mans, introducir a pelota na portaría do equipo contrario.

